



XUNTA  
DE GALICIA

INSTITUTO DE EDUCACIÓN  
SECUNDARIA VAL DO ASMA  
(Chantada)  
27003175



# Plan de Convivencia - IES Val do Asma

## Índice

1.- XUSTIFICACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	3
2.- MARCO NORMATIVO .....	3
3.- OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA (ARTIGO 11 DECRETO 8/2015).....	4
4. DIAGNÓSTICO DE NECESIDADES ACERCA DA CONVIVENCIA NO CENTRO:.....	5
4.1.- DIAGNÓSTICO PREVIO DO CENTRO .....	5
4.2.-ESTADO DAS RELACIÓNS E DA PARTICIPACIÓN NA VIDA DO CENTRO POR PARTE DO PROFESORADO, DO ALUMNADO, DAS FAMILIAS E DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS E DE ATENCIÓN EDUCATIVA COMPLEMENTARIA, ASÍ COMO DOUTRAS INSTITUCIÓNS E ENTIDADES DO CONTORNO.....	6
4.3.-RESPOSTAS DO CENTRO A ESTAS SITUACIÓNS.....	9
4.4.- RELACIÓNS E PARTICIPACIÓN DO CENTRO.....	9
4.5.- EXPERIENCIAS DE CONVIVENCIA LEVADAS A CABO NO CENTRO AO LONGO DOS ÚLTIMOS ANOS:.....	10
4.6.- NECESIDADES DETECTADAS.....	11
5.- DIRECTRICES BÁSICAS DA CONVIVENCIA:.....	11
5.1.- VALORES QUE PRETENDE FOMENTAR O CENTRO .....	11
5.2.-NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO.....	12
Apertura protocolo de acoso escolar.....	27
6.- DESEÑO DO PLAN DE MELLORA DA CONVIVENCIA.....	34
6.2.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.....	35
6.3.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN/ACTIVIDADES PREVISTAS PARA MELLORAR A CONVIVENCIA NO CENTRO.....	35
6.4.-PREVENCIÓN DO ACOSO E O CIBERACOSO .....	37
6.5.- A IMPORTANCIA DOS PROXECTOS ERASMUS + NO PLAN DE CONVIVENCIA.....	37
6.6.-PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO DA AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA.....	39
6.7.- RECURSOS:.....	39
7.- A COMISIÓ DE CONVIVENCIA DO CENTRO.....	39
8.- DIFUSIÓN, SEGUEMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE MELLORA DA CONVIVENCIA:.....	41

## 1.- XUSTIFICACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Segundo recolle o decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, a convivencia escolar é a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa. Ten un enfoque formativo, ao tratarse dunha aprendizaxe enmarcada en obxectivos fundamentais e transversais e, pola súa vez, é unha responsabilidade compartida por toda a comunidade educativa.

O plan de convivencia é o documento no que se articula a convivencia escolar e as liñas xerais do modelo de convivencia que se pretende implantar, os obxectivos específicos que cómpre alcanzar, as normas que a regulan e as actuacións que se deben realizar neste ámbito para a consecución dos obxectivos proxectados. En definitiva, é un proxecto de reflexión e pensamento en que se sinalan as liñas de actuación para a mellora da convivencia no centro docente.

## 2.- MARCO NORMATIVO

Este plan de convivencia desenvólvese para dar cumprimento ao mandato establecido en diversas normas do noso ordenamento xurídico que cómpre considerar como marco legal de convivencia nos centros docentes sostidos con fondos públicos, entre as que destacamos as seguintes:

- A Declaración Universal de Dereitos Humanos, proclamada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en 1948.
- A Convención dos Dereitos do Neno, ratificada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en 1989.
- A Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade, de 2006.
- Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita fronte á violencia contra as mulleres e á violencia doméstica, coñecido como Convenio de Istambul (2011), ratificado polo Estado español.
- Foro Mundial sobre educación (2015), aprobou a Declaración de Incheon para a Educación 2030, que recolle 17 obxectivos para o Desenvolvemento Sostible (ODS).
- Estratexia Europea pola Igualdade de Xénero 2020-2025
- A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero recolle
- A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- A Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia
- A Lei 15/2022, do 12 de xullo, integral para a igualdade de trato e a non discriminación,
- A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- A Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, que desenvolve a Lei 4/2011.
- A Resolución do 3 de xullo de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o apoio á creación e ao funcionamento das escolas de nais e pais reguladas pola Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- A Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non.
- A Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

### 3.- OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA (ARTIGO 11 DECRETO 8/2015)


Con este plan de convivencia pretendemos:

- Facilitar aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralas e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que poidan producirse no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias persoal, social e de aprender a aprender e a competencia cidadá.

- Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

## 4. DIAGNÓSTICO DE NECESIDADES ACERCA DA CONVIVENCIA NO CENTRO:

### 4.1.- DIAGNÓSTICO PREVIO DO CENTRO



O IES Val do Asma é un centro docente público, dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

No IES Val do Asma se imparten las siguientes enseñanzas:

- ESO
- Bachillerato
- Ciclos formativos:
  - CFPB de Informática de Oficina
  - CFPB de Mantemento de Vehículos
  - CM de Electromecánica de Vehículos
  - CS de Administración e Finanzas
  - CS Dual de Desenvolvemento de Aplicacións Web

O noso centro, desde o curso 2022/23 ten o seguinte horario:

	ESO/BACHARELATO/FPBASICA	CICLOS*
LUNS	De 8:45h a 14:15h De 15:05h. a 16:45h.	De 8:45h a 14:15h De 15:05h. a 16:45h.
RESTO DA SEMANA	De 8:45h. a 14:15h.	de 8:45h. a 15:05h.

\* O horario do ciclo de Desenvolvemento de Aplicacións Web Dual réxese polo seu propio convenio coa empresa Hotusa.

O centro ofrece servizos complementarios de comedor e transporte para o alumnado. O IES Lama das Quendas tamén goza do servizo de comedor que ofrece o noso centro os luns.

Respecto ao nivel socioeconómico e cultural do noso alumnado, podemos destacar que a sociedade chantadina cada vez é máis diversa e reflíctese nos seguintes aspectos:

- O noso centro está situado nunha vila de 8.000 habitantes aproximadamente, unha pequena vila no corazón da Ribeira Sacra, no interior da provincia de Lugo. O alumnado adscrito ao noso centro provén do CEIP de Carballedo, municipio de 2000 habitantes limítrofe con Chantada, aínda que algúns/algunhas alumnos/as proceden de concellos limítrofes como O Saviñao, Taboada, Rodeiro ou Monforte de Lemos, aínda que cada ano aumenta o número de alumnado do propio concello de Chantada, que malia a non estaren adscritos, optan por cursar os seus estudos no noso centro.
- Nos últimos dez anos vimos experimentando un aumento moi significativo do número de alumnado procedente do estranxeiro, fundamentalmente de Marrocos, Colombia, Ecuador ou Venezuela, aínda que no noso centro seguen representando unha parte moi pequena do total do noso alumnado. Esta incorporación de alumnado doutros países supón a incorporación de novos estilos de vida que deben convivir co noso.
- Malia que na contorna segue imperando o modelo de familia tradicional, é certo que estamos a presenciar cambios no mesmo co incremento das separacións e divorcios dos proxenitores ou as familias monoparentais.
- O noso centro tamén se caracteriza por acoller a alumnado con necesidades educativas especiais que supoñen unha adaptación de metodoloxías e espazos.
- As familias, maioritariamente, empregan o galego como lingua habitual.
- A procedencia do noso alumnado é maioritariamente rural, ben por ter alí a súa primeira vivenda, ben por ter á súa familia máis próxima.
- Segundo a enquisa Adolescencia, Tecnoloxía, Salud y Convivencia realizado no ano 2022 para o noso centro pola Fundación Barrié en colaboración coa USC, o 98,1% do noso alumnado ten móbil, dispositivos dixitais e acceso a Internet. A gran maioría deles/as teñen varias redes sociais activas das que fan uso a diario.

#### **4.2.-ESTADO DAS RELACIÓNS E DA PARTICIPACIÓN NA VIDA DO CENTRO POR PARTE DO PROFESORADO, DO ALUMNADO, DAS FAMILIAS E DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS E DE ATENCIÓN EDUCATIVA COMPLEMENTARIA, ASÍ COMO DOUTRAS INSTITUCIÓNS E ENTIDADES DO CONTORNO.**

Da valoración da convivencia, froito da avaliación levada a cabo dende os diferentes sectores da comunidade educativa, en curso anteriores, puidéronse extraer as seguintes conclusións: o clima de convivencia existente é considerado, en xeral, bo.

Non se observan serios problemas, aparecendo, de forma esporádica, algún conflito, sobre todo na ESO, e na FP Básica, relacionados con:

- Desobediencia ou desafíos á autoridade.
- Faltas de respecto.
- Insultos.
- Alteración da dinámica das clases

Consideramos que son casos illados aqueles nos que precisamos tomar medidas severas.

A estes datos engadimos os extraídos do Informe sobre Convivencia de 2021 do que cabe destacar o seguinte:

### **Datos de participación**

Cómpre destacar que cubriron o cuestionario un total de 114 persoas, o que se considera un número baixo de participantes.

### **Datos alumnado de Ensinanzas obrigatorias:**

- Tanto nas súas clases coma no centro perciben un clima de amizade, cotando cun número de amigos/as elevado.
- O nivel de coidado dos materiais e instalacións do centro non é moi bo (o 79% pensa que o centro está pouco ou bastante coidado):
- Un 55.6% sinala que se tira lixo ao chan, fanse pintadas e non se respectan os materiais de cada quen.
- Os conflitos de convivencia no centro resólvense: falando entre todos/as (61.4%), falando co profesorado (38.6%) ou seguindo os consellos da orientadora ou do equipo directivo (36.4). Só nun 9% das ocasións se deixa pasar o conflito. Tamén é significativa a redución do recurso aos partes ou á imposición de castigos fronte aos resultados das enquisas anteriores.
- As condutas negativas máis frecuentes son: Interromper, molestar e non deixar dar a clase ao profesorado (11.9%) e Non ter coidado co aseo e ca limpeza persoal(10.3%)
- Salientar neste apartado que un 73.8 % sinala que nunca se produce acoso, que aínda que é un dato bo, baixa con respecto á enquisa anterior.
- Os espazos onde hai problemas de convivencia o patio, os arredores do centro, e nas clases cando non hai presenza do profesorado (cambios de clase)
- O 27.3% do alumnado considérase vítima de acoso, sendo maior en dous puntos porcentuais o número de rapaces ca o de rapazas.
- Ante esta situación o alumnado defendeuse atacando (33.3%) ou intentou falar para resolver o problema (33.3%)
- No 25% dos casos a persoa responsable da conduta foi da súa clase e un 33.3% de fóra do centro.
- Sobre a condición de presunto agresor/a: é preocupante que un 23.8% dos rapaces recoñece que o foi nalgunha ocasión, fronte o 8,7% das rapazas.
- As sancións ante estas condutas foron: obriga de estar nun determinado lugar fóra da clase traballando (aula de convivencia inclusiva) nun 57% dos casos, e quedar sen recreo na mesma porcentaxe.
- O nivel de satisfacción cara ao centro é elevado (81%, sendo maior nas rapazas cá nos rapaces).

### Datos das ensinanzas postobligatorias:

- Un 91,7% do alumnado cre que lle vais ben nos seus estudos ( con cualificacións de ben, notable e sobresaliente)
- O 66,7% considera que a convivencia no centro mellorou e un 0% considera que empeorou de xeito alarmante.
- Un 91.7% considera que non existen problemas de convivencia.
- É significativo que para o ensino postobligatorio o único problema de convivencia salientable é que se fan pintadas nas mesas, nas paredes, nos aseos... (100%)
- As formas de solución dos conflitos pasan polo diálogo, ben entre as persoas membros da clase ou coa persoa titora ou o profesorado e alumnado implicado.
- En xeral, o alumnado séntese ben acollido, pensan que rexeita toda clase de discriminación e se opta pola resolución pacífica dos conflitos (83.3%).
- O lugar onde ven máis problemas é no patio sen profesorado diante.
- Un 91.7% do alumnado de ensino postobligatorio síntese satisfeito co centro.

### Datos do profesorado

- Un 72.7% do profesorado resolve os conflitos de convivencia dialogando para intentar chegar a acordos.
- O 100% do profesorado opina que todo o mundo é benvido no centro e un 80.9% que os/as adultos/as e os/as estudantes son receptivos á variedade de identidades de xénero.

### Datos Familias

- O 60.6% das familias queren que os seus fillos e fillas realicen estudos universitarios e un 21.9% un ciclo de FP Grao Superior.
- O 63,13% das familias consideran que a convivencia mellorou nos últimos anos.
- Un 81,8% considera que no centro non hai problemas de convivencia ou, se os hai, ocorren de xeito puntual.
- O 100% dos encuestados considera que o seu fillo non foi vítima nin agresor/a.
- O 90% opina que todo o mundo é benvido ao centro e preto do 100% opina que centro escolar rexeita todas as formas de discriminación e promove a convivencia e a resolución pacífica de conflitos.
- O 66,7% das familias pensa que o seu fillo ou filla non foi vítima nin agresor/a, mentras que un 12,1% manifesta que o/a seu/súa fillo/a padeceu a condición de vítima, o que nos resulta preocupante, sendo os insultos ou a difusión de mentiras ou rumores as condutas máis habituais.
- Un 88% das familias apoian as decisións que toma o titor ou titora sobre o comportamento do seu fillo/a.
- Un 94% están satisfeitos co centro ao que asiste o/a seu fillo/a



### **Persoal non docente**

A percepción do persoal non docente respecto á convivencia é moi satisfactoria

En conclusión, cómpre reforzar as actuacións desenvolvidas a favor da convivencia e, de modo moi especial, o coñecemento entre a comunidade educativa de tales actuacións. Así mesmo, resulta imprescindible seguir promovendo a implicación das familias na prevención e resolución pacífica de conflitos.

Tamén debemos destacar a visión positiva que teñen as diversas persoas membros da comunidade educativa acerca da situación de convivencia do centro, que pon de manifesto que as actuacións que se están levando a cabo son eficaces e cómpre reforzalas.

### **4.3.-RESPOSTAS DO CENTRO A ESTAS SITUACIÓNS**

Polo xeral, o profesorado intenta solucionar co alumnado implicado os pequenos conflitos que se xeran na aula usando o diálogo e apostando pola resolución pacífica do conflito.

Só en casos puntuais solicítase o apoio do Equipo Directivo que á vez se pon en contacto co Departamento de Orientación para coordinar a resposta educativa máis adecuada para solucionar o conflito.

As estratexias educativas que fundamentalmente aplicamos son: o diálogo, a petición de desculpas e a mediación e compromiso aceptado por cada unha das partes implicadas así como algunha medida disciplinaria de carácter menor como pode ser:

amonestación verbal ou escrita, suspensión do recreo durante curtos períodos de tempo (1 ou 2 días)...

Cando a situación conflictiva o require, solicítase a implicación das familias e se na súa resolución. Na gran maioría dos casos, a resposta das familias é de absoluta colaboración co Equipo Directivo, o que contribúe en gran medida a atallar rapidamente o conflito e a conseguir que este non se repita no futuro.

Entre as medidas máis severas que podemos aplicar nalgún caso están: a privación temporal do dereito a acudir ao centro educativo ou a apertura de expediente disciplinario, segundo o establecido nas NOF do centro que se citan no apartado seguinte. Nos últimos catro anos esta última medida (expediente) non tivo que ser imposta por non terse dado faltas que requirían a aplicación da mesma.

Aínda que os problemas de convivencia son escasos, si é certo que, como medida de prevención, é necesario o deseño e implementación dun plan de actuación que redunde nunha mellora do clima de convivencia nas aulas e no propio centro

### **4.4.- RELACIÓNS E PARTICIPACIÓN DO CENTRO.**

As relacións e a participación na vida do centro considéranse positivas en todo momento por todas as persoas membros da comunidade educativa.

Aínda que hai tempos e espazos fixos para a relación e participación, cóntase con outros non fixos que se crean de xeito natural segundo van xurdindo as necesidades. Neste caso, a colaboración é case sempre aceptada e búscanse as formas de organizarse para o seu máximo aproveitamento.

O Claustro será informado do Plan de Convivencia e dos medios e recursos precisos para o seu desenvolvemento. Nas reunións de Departamentos iranse concretando as actuacións para implementalo, sendo o Departamento de Orientación un dos máis implicados neste labor.

O alumnado participa activamente na organización do centro a través dos seus representantes no Consello Escolar e dos seus delegados/aa na Xunta de Delegados.

A relación coas familias é, en xeral, satisfactoria. Estas adoitan amosar interese pola formación dos seus fillos/as e acudir ao centro educativo con frecuencia.

Cóntase coa participación de familias dende o Consello Escolar e a ANPA Nicanor Rielo que, desde o curso 2021/2022, volve a estar en funcionamento.

Ademais, o centro dispón de Facebook, Instagram, canal de Youtube e varios blogs que ofrecen diversos servizos de información para alumnado e familias.

Para as cuestións académicas e as relacionadas coa convivencia, o profesorado e o equipo directivo contan coa plataforma Abalar, instrumento que funciona e facilita enormemente as relación entre as familias e o centro.

Tamén colaboramos coa Educadora Familiar do Concello de Chantada, Casa da Xuventude de Chantada, cos servizos sociais de Carballedo e Chantada o Centro de Prevención de Drogodependencias de Monforte, o CIM de Chantada, Cruz Vermella de Lugo e diversas asociacións como son: Arelas, Aseia, Cáritas, Recuncho Solidario, Fiscalía de Menores, Servizo de Menores, Saúde Mental de Monforte e Lugo, Fundación Amigos de Galicia, Coordinadora de Escolarización Marxinal do Provincia de Lugo, Equipo de Orientación específico de Lugo, entre outras.

#### **4.5.- EXPERIENCIAS DE CONVIVENCIA LEVADAS A CABO NO CENTRO AO LONGO DOS ÚLTIMOS ANOS:**

- Elaboración de normas de convivencia na aula. Na titoría de alumnos e alumnas nunha das primeiras semanas de curso.
- Aplicación de Sociogramas nalgunha aula onde se detectaron certos problemas de disciplina, alumnado illado ou rexeitado...
- Conmemoración do "Día contra a violencia de Xénero", "Día dos Dereitos Humanos" e do "Día da Paz", "día das persoas con discapacidade" "Día da muller", " Día da Muller e da Nena na Ciencia" " Día Internacional contra a Violencia e o Acoso Escolar" e " Día do Orgullo Gai" " Día da Sida", entre outros.
- Actividades extraescolares e complementarias organizadas polos distintos departamentos e incluídas na PXA , así como as actividades organizadas desde a Vicedirección e incluídas no PAT que fomentan a convivencia, como son o Magosto, festa Nadal, Entroido, excursión de 4º da ESO e Actividades de fin de curso.
- Participación en Programas e Proxectos:
  - Programa Donas de Si, dentro do PLAN PROXECTA, co alumnado de ESO, que consiste en desenvolver un proxecto relacionado coa visibilización e empoderamento das mulleres como pezas fundamentais do desenvolvemento da sociedade galega e como punto de partida para traballar na aula a igualdade e os estereotipos de xénero.
  - Participación nos Contratos-programa Inclúe (CPIInclúe) que pretenden acadar o éxito educativo a través da implementación de programas que promovan a igualdade de

oportunidades entre homes e mulleres, a inclusión, a redución das taxas de abandono escolar temperán, o desenvolvemento da competencia emocional e, en xeral, a mellora do clima escolar de toda a comunidade educativa.

- Obradoiros sobre Igualdade de Xénero e Prevención de Condutas Violentas.
- Participación no Plan Director para a Convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos, ofertando as seguintes charlas:
  - Violencia de xénero.
  - Novas Tecnoloxías e riscos de Internet
  - Acoso Escolar e Ciberacoso.
- Reunión de Equipo de profesorado, Equipo directivo e Departamento de Orientación para buscar estratexias específicas para solucionar algún conflito de aula.
- Coordinación-colaboración con Servizos Sociais, sanitarios, etc.
- Participación no programa " Navega con Rumbo" para concienciar ao alumnado, profesorado e familias no uso responsable de Internet e as redes sociais, dando recomendacións para unha navegación responsable e segura.
- Actuacións desde a biblioteca do centro: a BiblioAsma participa activamente no Plan de Convivencia:
  - Coordina dous Clubs de Lectura nos que alumnado de diferentes grupos se reúne nos recreos para charlar sobre os libros escollidos.
    - Realízanse actividades para reforzar a gran maioría das conmemoracións marcadas polo calendario escolar incluíndo sempre ao maior número posible de membros da Comunidade Educativa.
    - Asemade, nos recreos foméntanse as titorías entre alumnado nas que alumnos/as de cursos superiores lle prestan axuda a compañeiros/as de menos idade.
  - Actuacións desde o programa Erasmus: os proxectos nos que participa o centro (pasados, actuais e futuros) permiten mobilidades de profesorado a Portugal, Francia, Croacia, Rumanía e Italia e do alumnado a Reino Unido, Portugal, Francia e Italia.

#### 4.6.- NECESIDADES DETECTADAS

Consideramos necesario introducir a formación permanente do profesorado, familias e alumnado en temas relacionados coa resolución de conflitos e a mediación e educación emocional para a prevención de situacións , cada vez máis habituais, como o acoso escolar ou o ciberacoso.

### 5.- DIRECTRICES BÁSICAS DA CONVIVENCIA:

#### 5.1.- VALORES QUE PRETENDE FOMENTAR O CENTRO

O IES Val do Asma entende que os valores que a continuación se expoñen serán o eixe fundamental ao redor do que xirará toda a acción educativa.

##### Valores individuais:

- Desenvolvemento integral das capacidades do noso alumnado.
- Igualdade real entre homes e mulleres.

- Honradez: fidelidade ós propios principios.
- Liberdade: entendéndoa como aquilo que un quere pero tendo en conta que nunca se pode interferir nin atentar contra a liberdade dos demais.
- Responsabilidade: capacidade para decidir o modo de actuar dentro das normas establecidas e responsabilizándose dos propios actos.
- Resiliencia

**Valores sociais:**

- Respecto ás demais persoas
- Diálogo.
- Sentido da xustiza, xenerosidade, amizade, lealdade, fidelidade e solidariedade.
- Colaboración e traballo en equipo.
- Conciencia de que as accións individuais repercuten sempre positiva ou negativamente no grupo.
- Respecto e cumprimento das normas de convivencia.

## 5.2.-NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

Están contidas nas NOF, onde se establecen tamén as condutas contrarias á convivencia e as súas sancións que se desenvolven a continuación:

**Dereitos do alumnado. (Artigo 6 NOF)**

1. Todos os recollidos no artigo 7.1 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, no Real Decreto 732/1995, do 5 de maio sobre dereitos e deberes do alumnado e normas de convivencia dos alumnos de centros sostidos con fondos públicos e o Decreto 324/1996, do 26 de xullo polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos IES:
  - a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
  - b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
  - c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral e, en particular, contra as situacións de acoso escolar.
  - d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación educativa.
  - e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.
2. A ter libre acceso a este documento.
3. A empregar as instalacións e materiais do instituto, coas limitacións propias, fóra do horario lectivo, sempre que contén coa aprobación previa por escrito do Equipo Directivo tras presentar a solicitude seguindo o modelo do correspondente
4. A reclamar as cualificacións finais, segundo os modelos establecidos pola Consellería de Educación dentro dos prazos legalmente establecidos.

**Dereitos do alumnado referidos á avaliación. (Artigo 7 NOF)**

As alumnas e os alumnos teñen dereito a seren avaliados conforme á ORDE do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.

1. A que o seu rendemento académico sexa avaliado con plena obxectividade.
2. A coñecer os criterios que se van aplicar para a avaliación das aprendizaxes en cada materia e mais/así como os criterios para a promoción de curso.
3. A ser informados por parte do profesor ou profesora de cada materia da programación correspondente, en particular sobre os aspectos referentes a obxectivos, contidos, criterios e procedementos de avaliación, cualificación e recuperación, se é o caso.
4. A coñecer os obxectivos mínimos e os criterios de cualificación establecidos nas programacións didácticas para cada materia, para o cal estarán expostos de xeito permanente nun taboleiro de anuncios, na súa propia aula, na aula virtual ou na páxina web do centro segundo determine a Comisión de Coordinación Pedagóxica.
5. A que as probas que deba realizar de cara á súa avaliación se leven a cabo dentro do horario lectivo. De non ser posible, buscarase a mellor atención ao grupo, sen prexudicar a ningún alumno/a.
6. A coñecer os resultados e as cualificacións das probas e traballos entregados, e a que lles mostren as correccións oportunas e a recibir explicacións sobre as cualificacións outorgadas nun prazo máximo de 20 días contados a partir da data de realización ou entrega do mesmo.
7. A coñecer os criterios de corrección e de valoración dos exercicios con anterioridade/previamente á realización das probas.

#### **Deberes do alumnado. (Artigo 8 NOF)**

1. Todos os recollidos no artigo 7.2 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, no Real Decreto 732/1995, do 5 de maio sobre dereitos e deberes do alumnado e normas de convivencia, e o Decreto 324/1996, do 26 de xullo polo que se establece o Regulamento Orgánico dos IES:
  - a) Colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros e compañeiras á educación.
  - b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
  - c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
  - d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro.
  - e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
  - f) Facer uso responsable das taquillas.
  - g) Intervir, a través das canles regulamentarias, naquilo que afecte á convivencia do centro.
  - h) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
  - i) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

- j) Entregar de xeito inmediato calquera obxecto cando sexa solicitado polo profesorado ou persoal de administración e servizos do centro, que será depositado na dirección do centro coas debidas garantías, quedando á disposición do pai, nai ou dos titores legais (se a alumna ou alumno for menor de idade), ou da propia alumna ou alumno, (se for maior de 18 anos), unha vez terminada a xornada ou a actividade complementaria ou extraescolar, sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder.
- k) Coñecer e cumprir as normas que se recollen neste documento. O descoñecemento da norma non exime do seu cumprimento.
- l) Deber de estudar.
- m) Informar, na oficina de administración do centro, dos cambios nos seus datos persoais (domicilio, número de teléfono, ...) no momento en que estes se produzan ou, como mínimo, no momento da segunda ou posteriores matrículas neste instituto.
- n) Subir as cadeiras da aula á mesa, en todas as etapas educativas, ao final das últimas sesións de clase e contribuír ao aforro de luz e auga, deixando as luces apagadas e as billas pechadas. No caso dos alumnos/as que conten con cadeiras de oficina, estas quedarán no chan.
- o) Non inxerir alimentos nas aulas e manter o seu espazo de traballo limpo e ordenado.
- p) Apagar os seus dispositivos móbiles (teléfonos, tablets, smartwatches...) durante o desenvolvemento das clases, gardas e actividades complementarias e extraescolares de non contar coa autorización previa e explícita do profesorado para o seu uso didáctico. Tratándose dunha sesión lectiva o alumnado deberá depositar o dispositivo dixital no espazo reservado para eles.
- q) Permanecer dentro das aulas durante os cambios de clase e en ausencia dalgún profesor/a, salvo o/a delegado/a cando as circunstancias o esixan.
- r) Non permanecer nas aulas nas horas non lectivas (recreos, xantar, antes e despois das clases...) sen autorización previa da dirección.
- s) O alumnado de BAC e Ciclos Medios e Superiores permanecerá na aula nas sesións nas que falte o profesor titular, a espera de que o profesor de garda pase lista.
- t) O alumnado de Ciclos Medios e BAC, ou o alumnado maior de idade de Ciclos Básicos, que vaia abandonar o recinto durante o recreo deberá mostrar o carné, que indica que ten autorización para poder saír. Para obter devandito carné deberá achegar unha autorización por parte dos seus proxenitores ou titores legais no caso de seren menores de idade.
- u) Non fotografar nin colgar fotos en redes sociais de terceiras persoas, membros da comunidade educativa, sen expreso consentimento delas.

#### **Dereitos do profesorado. (Artigo 9 NOF)**

1. Todos os recollidos no artigo 8.1 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa:
  - a) A ser respectado, a recibir un trato adecuado e a ser valorado polo resto da comunidade educativa, e pola sociedade en xeral, no exercicio das súas funcións.
  - b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve, en todo caso, a súa integridade física e moral.
  - c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.

- d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
  - e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da Lei 4/2001, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
  - f) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.
  - g) A que se respecte a súa ideoloxía, sempre que esta non atente contra a convivencia.
  - h) A ser informado daqueles aspectos innovadores da lexislación que afectan tanto ao seu labor docente como ao funcionamento do centro.
2. A ter libre acceso a este documento.
  3. A utilizar o material e as instalacións do centro, tendo prioridade, á hora de dispor destas, as actividades docentes sobre as complementarias ou extraescolares. O Equipo Directivo elaborará, no caso de posibles interferencias, unhas normas para o seu correcto uso.
  4. A que o Centro, dentro das posibilidades orzamentarias, lle aporte os medios suficientes para desenvolver o seu labor educativo.
  5. A organizar actividades extraescolares e complementarias (culturais, deportivas, ...), informando previamente ao Equipo Directivo e sempre que o orzamento o permita.
  6. A formular ante os órganos de goberno correspondentes cantas iniciativas, suxestións e reclamacións estime oportunas, a través das canles legalmente establecidas.
  7. A participar en actividades e cursos organizados polo centro, seguindo os requisitos que establece a lexislación vixente.
  8. A participar activamente na vida escolar e na organización do Centro.
  9. A percibir axudas de custo e locomoción, así como o importe dos gastos de manutención e aloxamento cando realice funcións encomendadas pola dirección. Os importes a percibir serán os aprobados en Consello Escolar ou os recollidos pola Administración competente.

#### **Deberes do profesorado. (Artigo 10 NOF)**

1. Todos os recollidos no artigo 8.2 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa:
  - a) Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
  - b) Adoptar as decisións oportunas para manter un axeitado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando corresponda, as condutas contrarias á convivencia e poñéndooas en coñecemento dos membros do Equipo Directivo do centro.
  - c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar e/ou discriminación.
  - d) Informar aos proxenitores ou ás titoras ou titores legais sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido.
  - e) Informar aos responsábeis do centro e, de ser o caso, á Administración educativa, das

alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

- f) Solicitar a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto portado polo alumnado que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde, ou para a integridade persoal ou a da comunidade educativa, ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.
2. Colaborar no desenvolvemento das actividades extraescolares e complementarias que se realicen no instituto, dentro do seu horario lectivo.
  3. Motivar e fomentar a asistencia do alumnado ás actividades extraescolares e complementarias.
  4. Asumir as titorías do alumnado para dirixir a súa aprendizaxe e axudalos a superar as dificultades que atopan.
  5. Mostrar ao alumnado as probas realizadas unha vez corrixiadas e cualificadas nun prazo razoable e, sempre que sexa posible, antes de cada avaliación.
  6. Informar os alumnos e alumnas, ao comezo do curso, das directrices da programación, dos obxectivos -e dos mínimos esixibles-, criterios e procedementos de avaliación, cualificación e recuperación de materias pendentes, se é o caso.
  7. Facilitar o acceso ás programacións didácticas pendurándoas na aula virtual do curso correspondente.
  8. escoitar ao alumnado nas súas observacións e suxestións.
  9. Respetar as normas relativas a sancións e correccións establecidas para as faltas do alumnado en contra da convivencia no Centro. En ningún caso aplicarán outras que contradigan as establecidas na lexislación vixente e no presente documento.
  10. Controlar diariamente as faltas de asistencia do alumnado a cada unha das súas clases, trasladando as ausencias ao XADE.
  11. Procurar que, ao impartir as súas clases, o alumnado non dificulte o traballo do resto do profesorado e, sen permitir o abandono da aula antes de que soe o timbre, agás causa xustificada.
  12. Ler o correo electrónico corporativo (@edu.xunta.gal).
  13. Apagar ou silenciar os seus teléfonos móbiles e non facer uso do mesmo durante as sesións de docencia e actividades complementarias.
  14. Informar, á maior brevidade posible, de calquera accidente escolar, colaborando na cobertura do impreso correspondente do seguro escolar.
  15. Solicitar por escrito, se a contía supera os 250,00 euros, ou verbalmente, cando non supere esta cantidade, autorización para adquisición de material. Non será atendido ningún pago que non estea previamente aprobado pola Dirección, facéndose responsable do mesmo a persoa que realízase o pedido.
  16. Comprobar que os documentos administrativos que se tiran no lixo non conteñen datos confidenciais e, de ser o caso, proceder á súa destrución.
  17. Deixar a aula en orde unha vez finalizada a actividade docente.

#### **Dereitos das nais, pais e titores legais. (Artigo 11 NOF)**

1. Todos os recollidos na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa:



- a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
  - b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
  - c) A ser escoitados, nos termos previstos pola Lei 4/2001, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
  - d) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.
2. A ter libre acceso a este documento para coñecer, entre outros, os seus dereitos e deberes.
  3. A canalizar as súas propostas e inxerencias a través dos seus representantes no Consello Escolar e, directamente/de xeito directo, polos medios que o centro poña á súa disposición tales como:
    - a) O profesorado, os titores e titoras, a xefatura de estudos e, na súa ausencia, calquera outro membro do Equipo Directivo (dirección, vicedirección e secretario/a) do centro.
    - b) As reunións que a dirección e o Departamento de Orientación organizan coas nais, pais e persoas titoras legais dos alumnos e alumnas.
    - c) A caixa de Suxestións, Queixas e Reclamacións sita nos vestíbulos dos dous aularios do centro.
    - d) A través do correo electrónico [ies.val.asma@edu.xunta.es](mailto:ies.val.asma@edu.xunta.es)
  4. A ser recibidos polo profesorado do centro nun espazo libre de inxerencias que, por esta orde, serían/serán: o despacho de titoría, a aula de convivencia, o salón de actos, algún despacho de dirección libre...
  5. A participar na xestión do centro e na tarefa educativa a través dos seus representantes no centro escolar, das súas asociacións e mediante a súa relación cos titores e titoras de curso.
  6. A coñecer, ao comezo do curso, o Plan de acción tutorial, horario, profesorado, horas de visita, datas das sesións de avaliación e un extracto dos obxectivos xerais do centro.
  7. A ser informados periodicamente sobre a marcha académica dos seus fillos, canto a actitude, comportamento, grao de integración, puntualidade...
  8. A ser puntualmente informados de todos os asuntos que atinxen ao centro e sexan do seu interese, a través da páxina web ou mediante notificacións personalizadas.
  9. A recibir comunicación das faltas de asistencia non xustificadas dos seus fillos e fillas cunha periodicidade máxima de 15 días vía correo ordinario de non contar coa aplicación Abalar móbil.
  10. A recibir, como mínimo despois de cada avaliación, información por escrito ou en formato dixital (a través de Abalar móbil) das cualificacións dos seus fillos e fillas.
  11. A propoñer e colaborar nas actividades extraescolares e complementarias que se organicen no centro.
  12. A utilizar, previa autorización (solicitud recollida no correspondente) por parte da dirección, as instalacións do centro.
  13. A facilitarlle á Asociación de nais e pais (ANPA) un local no centro para as súas reunións.

#### **Deberes das nais, pais e titores legais. (Artigo 12 NOF)**

1. Os recollidos na Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa:

- a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e co centro.
  - b) Coñecer as normas establecidas polo centro, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
  - c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
  - d) Colaborar co centro na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas
2. Cumprir e colaborar no cumprimento das normas que se recollen neste documento.
  3. Facilitar información sobre os seus fillos e fillas ou pupilos e pupilas relativa a problemas físicos, psíquicos ou outros que puideran ter. Esta información terá carácter confidencial, agás no caso daquela que, pola súa natureza, poda ser coñecida polo profesorado.
  4. Comunicar as faltas de asistencia previstas, incluíndo a asistencia ao comedor, dos seus fillos e fillas, ou pupilos e pupilas, coa antelación suficiente a que se produza e, cando sexan imprevisibles, xustificalas debidamente dentro dos cinco días seguintes á reincorporación no centro.
  5. Acudir ao centro cando sexan chamados por asuntos que afecten individual ou colectivamente aos seus fillos e fillas ou pupilos e pupilas.
  6. Proporcionar aos seus fillos e fillas ou pupilos e pupilas, o material imprescindible para o desenvolvemento do traballo escolar e, no caso de imposibilidade, comunicalo á dirección.
  7. Resolver as posibles discrepancias relacionadas coa educación do seu fillo ou filla ou pupilos e pupilas na seguinte orde: profesorado implicado, titor/a do/a alumno/a, xefatura de estudos e dirección. En caso de non obter resolución, poderán recorrer á Inspección Educativa e, en última instancia, á Xefatura Territorial de Educación.
  8. Entregar copia dos estatutos da ANPA á dirección do centro.
  9. Solicitar a atención presencial ou telefónica do profesorado especialista ou titor cunha antelación mínima dunha semana para permitir unha axeitada compilación de información académica.

#### **Persoal de administración e servizos. (Artigo 13 NOF)**

O persoal de administración e servizos, comprende o persoal de administración, o persoal de conserxería e o persoal de limpeza. Ademais, inclúese neste apartado o persoal exterior que atende a cafetería-comedor.

#### **Dereitos do persoal de administración e servizos. (Artigo 14 NOF)**

1. Os recollidos na Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa:
  - a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
  - b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
  - c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
  - d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
  - e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da Lei 4/2011.

2. A ter libre acceso a este documento para coñecer, entre outros, os seus dereitos e deberes.
3. A formular ante os membros do Equipo Directivo cantas iniciativas e suxestións estimen oportunas para o mellor funcionamento do centro.
4. A coñecer os horarios de grupos de alumnos e alumnas, do profesorado, e do Equipo Directivo, especialmente o persoal de conserxería e o de administración, para facilitar información e permitir a pronta localización do profesorado e alumnado en todo momento.
5. O persoal de conserxería ten dereito a ser informado pola xefatura de estudos do alumnado que en cada momento estea privado do dereito de asistencia a clase.

### Deberes do persoal de administración e servizos. (Artigo 15 NOF)

1. Os recollidos na Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa:
  - a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
  - b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
  - c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
  - d) Gardar sigilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.
  - e) Coñecer e cumprir as normas que se recollen neste documento.
2. O persoal de administración é o único persoal autorizado, xunto cos catro membros do Equipo Directivo, para poñer o selo nos documentos oficiais.
3. Entre outros, o **persoal de administración** ten o deber de:
  - Dar publicidade dos prazos de matrícula e calquera outra información de interese xeral, e comunicarllo á persoa ou persoas responsables da páxina web.
  - Manter actualizados os arquivos coa debida información que lles corresponde. E, en caso de accidente escolar, archivar copia do impreso cuberto do seguro escolar no/s expediente/s do alumnado implicado.
  - Organizar con antelación suficiente os documentos necesarios para as distintas avaliacións e reunións.
  - Contribuír na reutilización do papel fotocopiado a unha cara.
  - Comprobar que os documentos administrativos que se tiran no lixo non conteñen datos confidenciais e, de ser o caso, proceder á súa destrución.
  - Non deixar desatendida a oficina de administración, especialmente durante o recreo.
  - Ler diariamente o correo electrónico (ies.val.asma@edu.xunta.gal) e distribuílo, para que chegue a quen corresponda.
  - Coñecer a normativa referida a prazos de matrícula, matrículas ordinarias e extraordinarias, exencións de galego ou exencións de francés.
  - Actualizar os datos do alumnado e do profesorado no Xade.
  - Colaborar na introdución dos horarios do persoal docente e non docente na plataforma Xade.

- Custodiar o selo do instituto empregándoo só para os fins estipulados.
4. Entre outros, o **persoal de conserxería** deberá:
- a) Atender as chamadas telefónicas recibidas no centro e derivalas ás persoas interesadas. Cando estas non estean localizables, tomar nota da mensaxe e transmitila á persoa interesada á maior brevidade posible.
  - b) Participar activamente nas actividades que se organicen no centro.
  - c) Despechar as cancelas do centro ao inicio da súa xornada laboral e pechalas durante as sesións lectivas segundo o protocolo de acceso ao centro escolar.
  - d) Desconectar e conectar a alarma, respectivamente, ao inicio e fin da xornada.
  - e) Controlar a entrada e saída do alumnado do centro, coidando de que contén coa debida autorización se saen durante o horario lectivo.
  - f) Controlar a entrada de persoas alleas ao centro, recibir as súas peticións e indicarlles a onde se deben dirixir.
  - g) Entregar e recoller ao profesorado e alumnado todo tipo de impresos e correspondencia que estean á súa disposición.
  - h) Facilitar o servizo de reprografía ao profesorado tendo en conta os prazos e indicacións facilitadas por este.
  - i) Custodiar as chaves das aulas e dependencias do centro.
  - j) Comprobar, ao final da xornada escolar, que queden todas as portas, ventás e persianas correctamente pechadas, e as luces e os ordenadores apagados.
  - k) Colocar o mobiliario necesario para as distintas reunións (de avaliación, CCP, Claustro, Consello Escolar...) nos distintos espazos antes e despois das mesmas.
  - l) Favorecer a reutilización do papel fotocopiado a unha cara, previa revisión do mesmo para comprobar que non contén datos confidenciais (exames, datos persoais,...) e, de ser o caso, proceder á súa destrución.
  - m) Manter ordenados os taboleiros de cortiza dos espazos xerais e revisalos, cando menos, unha vez por semana, eliminando aquela información que estea fóra de prazo.
  - n) Non deixar desatendida en ningún momento a conserxería nin o teléfono do centro.
  - o) Poñer en disposición de ser utilizados todos os dispositivos (canón, son...) e os espazos do centro (biblioteca, salón de actos...) cando sexa preciso.
  - p) Revisar periodicamente as instalacións, facendo saber ó Equipo Directivo calquera anomalía, avaría ou dano para a súa reparación.
  - q) Protexer a documentación confidencial (exames, apuntamentos, listaxes, ...) que se poida atopar en conserxería.
  - r) Realizar calquera outra función que lles corresponda relacionada co servizo.
5. Entre outros, o **persoal de limpeza** deberá:
- a) Conectar a alarma ao fin da xornada.
  - b) Manter en bo estado de limpeza todas as dependencias e o seu mobiliario e comunicar á dirección todas as incidencias detectadas no seu traballo, as necesidades materiais e calquera outra observación.
  - c) Contribuír á reciclaxe de papel e plástico, separándoos se fora necesario.
  - d) Comprobar, ao final da xornada escolar, que queden todas as portas, ventás e persianas

correctamente pechadas, e as luces e os ordenadores apagados.

- e) Pechar as cancelas do centro ao rematar a súa xornada laboral.
  - f) Manter pechado o centro, especialmente no horario comprendido entre a sesión da mañá e da tarde, principalmente os luns (14:15 - 15:05), impedindo o acceso aos edificios do centro por parte do alumnado.
  - g) Axustarse ao plan de traballo anual establecido polo Equipo Directivo.
6. Entre outros, o **persoal de cafetería-comedor** deberá:
- a) Separar a materia orgánica, papel e plástico para contribuír á reciclaxe.
  - b) Expor ao público a lista de prezos.
  - c) Entregar o menú escolar mensual no mes anterior á súa realización para que as familias poidan ser informadas do mesmo a través da páxina web.
  - d) Servir o menú do día no edificio 1 (Sala de profesores) ao profesorado interesado en facer uso do servizo de comedor.
  - e) Informar á dirección de calquera problema causado polo alumnado durante o período de comedor.
  - f) Custodiar ao alumnado que utiliza o servizo ao rematar a comida e ata a recollida do mesmo polo transporte escolar.
  - g) Velar polo mantemento, bo funcionamento e conservación do mobiliario do centro posto á súa disposición para o desempeño da súa función, informando á Dirección das incidencias detectadas.
  - h) Evitar o acceso do alumnado á cafetería fóra do horario do tempo de lecer así como a venda de produtos.

#### **Dereitos do persoal coidador. (Artigo 16 NOF)**

1. Os recollidos na Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa:
  - a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
  - b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
  - c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
  - d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
  - e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da Lei 4/2011.
2. A ter libre acceso a este documento para coñecer, entre outros, os seus dereitos e deberes.
3. A formular ante os membros do Equipo Directivo cantas iniciativas e suxestións estimen oportunas para o mellor funcionamento do centro.
4. A coñecer os horarios de grupos de alumnos e alumnas, do profesorado, e do Equipo Directivo, especialmente o persoal de conserxería e o de administración, para facilitar información e permitir a pronta localización do profesorado e alumnado en todo momento.

#### **Deberes do persoal coidador. (Artigo 17 NOF)**

1. Os recollidos na Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa:

- a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
  - b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
  - c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
  - d) Gardar sigilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.
  - e) Coñecer e cumprir as normas que se recollen neste documento.
2. Acompañar ao alumno/a dependente nos desparazamentos entre aulas.
  3. A coordinar as entradas e saídas do mesmo, acompañándoo/a no emprego do ascensor ou medios estipulados.
  4. A atender ao alumno/a na limpeza e aseo na medida que a familia dispoña.
  5. A proporcionarlle a merenda ou aqueles alimentos estipulados no tempo de lecer.
  6. A acompañalo/a nas actividades complementarias dentro da xornada escolar.
  7. A acompañalo nas clases (sen exercer nunca as labores docentes) se así é requirido polo Departamento de Orientación e a Dirección do centro.

#### **Convivencia (Artigo 18 NOF)**

1. No IES Val do Asma dáse prioridade á resolución pacífica de conflitos e á prevención dos mesmos. Para conseguilo, o Departamento de Orientación e os titores e titoras da ESO e da FPB formarán ao alumnado en técnicas de resolución pacífica de conflitos.
2. Todo o profesorado responsabilizarase do cumprimento das normas de convivencia do centro.
3. O alumnado do centro debe seguir en todo momento as instrucións do profesorado e do persoal de administración e servizos.
4. Co fin de protexer o dereito á propia imaxe, no IES Val do Asma non está permitida a utilización de ningunha tecnoloxía para recoller imaxes de membros da comunidade educativa sen o seu consentimento expreso.
5. No recinto do centro (edificio, corredores, pistas de deporte, aparcadoiro, etc.) evitarase todo tipo de actuacións que resulten molestas para a normal realización das actividades académicas, ou aquelas outras que poidan ser perigosas para a integridade física das persoas ou poidan causar estragos en instalacións, xardíns, vehículos, etc.

#### **Condutas prexudiciais para a convivencia. (Artigo 20 NOF)**

1. Serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.
2. Todas as condutas contrarias ás normas de convivencia, independentemente da súa gravidade, detectadas por calquera membro da comunidade educativa, deberán ser comunicadas por escrito á xefatura de estudos que levará un rexistro das mesmas. Serán o/a xefe/a de estudos, o/a director/a

ou o profesorado os encargados de establecer e facer efectivas as medidas correctivas.

### **Clasificación das condutas. (Artigo 21 NOF)**

1. As condutas contrarias á convivencia no centro docente clasifícanse en condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e condutas leves contrarias á convivencia.
2. Cando calquera membro da comunidade educativa entenda que os feitos poden ser constitutivos de delito ou falta, deberá comunicarllo á dirección do centro para a súa remisión á Administración educativa e ao Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas provisionais oportunas.
3. Para o caso de comisión de condutas que deriven en actos que puidesen ser constitutivos de delito ou falta penal, a dirección do centro, por instancia propia ou de calquera membro da comunidade educativa, deberá poñelo en coñecemento da Administración educativa e dos corpos de seguridade correspondentes, ou do Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas preventivas oportunas.
4. No marco do Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, que desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, presentamos un único parte de sanción, que recolle o tipo de falta en función da gravidade dos feitos: como falta leve ou gravemente perxudicial segundo o modelo establecido no artigo 37 de devandito decreto.

### **Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia. (Artigo 22. NOF)**

1. Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro, as recollidas na Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa:
  - a) As agresións físicas ou psíquicas, as inurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
  - b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
  - c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
  - d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
  - e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia.
  - f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
  - g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
  - h) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
  - i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.

- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa.
  - k) En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos cando é requirido polo profesorado.
  - l) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
  - m) O incumprimento das sancións impostas.
2. Ademais son consideradas condutas gravemente prexudiciais para a convivencia:
- a) Fumar dentro do recinto.
  - b) Abandonar o centro sen permiso.

### Condutas leves contrarias á convivencia. (Artigo 23 NOF)

1. **Considéranse condutas leves contrarias á convivencia no centro, as recollidas na Lei 4/2011 de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa:**

- a) As condutas tipificadas como: agresión, inxuria ou ofensa na liña a), os actos de discriminación da liña b), os actos de indisciplina da liña c), os danos da liña g), os actos inxustificadas da liña h) e as actuacións prexudiciais descritas na liña i) do artigo anterior que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.
- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constituía conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa liña j) do artigo anterior.
- c) Tres faltas reiteradas de puntualidade inxustificadas do alumnado da ESO. No caso de alumnado de Bacharelato e Ciclos Formativos Medios e Superiores os retrasos son considerados ausencias inxustificadas e ademais o profesorado ten a facultade de permitir ou non o acceso á aula.
- d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.

2. **Ademais son consideradas leves contrarias á convivencia:**

- e) Correr e/ou molestar dentro dos edificios de aulas, cafetería e talleres.
- f) Abrir as ventás sen autorización.
- g) Escribir e/ou pintar as mesas, cadeiras, paredes ou danar calquera material do centro educativo. Tirar papeis ao chan dentro do centro, do recinto escolar e espazos limítrofes.
- h) Non ceder o paso respectuosamente segundo as ordes de cortesía xeralmente establecidas.
- i) Dificultar o normal desenvolvemento dunha sesión de docencia ou actividade complementaria.
- j) Incorrer deliberadamente nunha falta de puntualidade, escondéndose nos baños, ou empregando estratexias similares.
- k) Desprender do seu soporte as comunicacións oficiais, traballos conmemorativos, ...
- l) Expoñer información non autorizada pola dirección, en todas as instalacións do centro, especialmente as de actividades non educativas.
- m) Comer goma de mascar durante as sesións lectivas.
- n) Empregar o teléfono móbil durante as sesións lectivas sen contar coa autorización expresa e



directa do/da docente responsable.

- o) Non depositar o dispositivo dixital no espazo reservado para eles dentro da aula.

### **Prescrición das condutas contrarias á convivencia. (Artigo 24 NOF)**

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro tipificadas neste capítulo prescriben aos catro meses da súa comisión e, as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.
2. O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que a conduta se leve a cabo, agás cando se trate dunha conduta continuada, caso no que o prazo de prescrición non se empezará a computar mentres aquela non cese.
3. No caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e continuarase o cómputo do prazo de prescrición para o caso de producirse a caducidade do procedemento.
4. As medidas correctoras previstas para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben ao ano da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

### **Circunstancias atenuantes e agravantes. (Artigo 25 NOF)**

1. Para a gradación das medidas correctoras tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:
  - a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, se é o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
  - b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
  - c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.
  - d) A natureza dos prexuízos causados.
  - e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, por razón da súa idade, a recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia.
2. Serán **circunstancias atenuantes**:
  - a) A falta de intencionalidade.
  - b) O recoñecemento espontáneo da conduta incorrecta e o compromiso de reparación do dano.
  - c) A desculpa.
  - d) Enfermidades que supoñan alteración da conduta, debidamente xustificadas por un especialista.
3. Serán **circunstancias agravantes**:
  - a) A colectividade: cando a comisión da falta sexa amparada nun grupo.
  - b) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.
  - c) A falta cometida por motivos de nacemento, raza, xénero, orientación sexual ou capacidade intelectual.
  - d) A reiteración nas condutas contrarias ás normas.
  - e) A intencionalidade.

- f) A premeditación.

### Protocolo de actuación. (Artigo 26 NOF)

1. Cando un alumno ou alumna protagonice un incidente o persoal do centro implicado seguirá o seguinte protocolo:
  - a) Deter a acción se non o/a infractor/a non a cesa voluntariamente.
  - b) Analizar a situación e determinar a gravidade da acción.
  - c) Informar á xefatura de estudos mediante un parte disciplinario no que se especifique o tipo de conduta contraria á convivencia, a hora ocorrida, a data e a actitude do alumnado.
2. A continuación, a xefatura de estudos deberá:
  - a) Citar ao alumnado para que dea a súa versión dos feitos e cubra, se considera necesario, o apartado correspondente a alegacións.
  - b) Analizar a versión das partes e, se é o caso, das testemuñas, se as houber.
  - c) Aplicar a normativa vixente baixo as súas competencias ou derivar o asunto á comisión de convivencia.
  - d) Informar á familia do alumno/a infractor, vía telefónica, da natureza da falta, das alegacións existentes e do tipo de medida correctora a aplicar.
  - e) Remitir o parte disciplinario e a sanción decidida á/ao responsable, se for menor de idade, para ser asinado e devolto ao centro, considerándose deste xeito oficialmente informados. A sinatura por parte do/a responsable legal implica a aceptación da falta e da medida correctora.
  - f) Introducir a falta na aplicación informática Xade así como a sanción imposta.
3. No caso de que a conduta se producise en ausencia dun adulto responsable, ben o alumnado implicado, ben as testemuñas cando as houber, informarán á xefatura de estudos para poñer en marcha o presente protocolo.

### Medidas correctoras das condutas contrarias ás normas de convivencia. (Artigo 27 NOF)

1. A expulsión dun alumno/a da aula, implicará un parte disciplinario ou un informe por escrito ás familias mediante a plataforma Abalar.
2. O/A alumno/a dirixirse a aula de convivencia acompañado do delegado/a de curso (ou, na súa ausencia do subdelegado/a) e con tarefas a realizar, o que suporá:
  - a) A comparecencia o antes posible ante a xefatura de estudos.
  - b) A emisión dun parte disciplinario se é necesario por parte do profesor/a que envía a aula de convivencia. O parte disciplinario será asinado polo director/a, xefe/a de Estudos, profesor/a que execute o mesmo e titor/a responsable.
  - c) A realización por parte do alumno/a das tarefas encomendadas polo profesor/a.
3. Con carácter xeral, as medidas correctoras das condutas contrarias ás normas de convivencia, sancionaranse seguindo os preceptos establecidos no Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro que desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia.
4. A tenencia dun ou varios partes, poderá ser impedimento para que o alumno/a poda participar na viaxe de estudos que se leva a cabo en 4º da ESO ou das actividades extraescolares propostas. Cada caso será analizado de forma independente polo titor/a do curso, o profesorado que puxo os partes, así coma o profesorado acompañante nas viaxes ou actividades e a xefatura de estudos.

**Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia. (Artigo 28 NOF)**

CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS	MEDIDAS CORRECTORAS
a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.	c) Cambio de grupo. e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. g) Privación do dereito de asistencia a viaxes de fin de curso, excursións, que impliquen saír ao estranxeiro e/ou durmir fóra.
b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.	c) Cambio de grupo. f) Cambio de centro.
c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e servizos que constitúan unha indisciplina grave.	c) Cambio de grupo. e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. g) Privación do dereito de asistencia a viaxes de fin de curso, excursións, que impliquen saír ao estranxeiro e/ou durmir fóra.
d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.	e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. f) Cambio de centro. g) Privación do dereito de asistencia a viaxes de fin de curso, excursións, que impliquen saír ao estranxeiro e/ou durmir fóra.
e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia.	<u>Apertura protocolo de acoso escolar.</u> f) Cambio de centro.
f) A suplantación de personalidade en actos da	f) Cambio de centro.

vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais do centro, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.

c) Cambio de grupo.

d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

g) Privación do dereito de asistencia a viaxes de fin de curso, excursións, que impliquen saír ao estranxeiro e/ou durmir fóra.

***Segundo o artigo 35 do decreto 85/2015, o alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipamentos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais, pais e/ou titores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente***

h) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

<p>j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que se refire o artigo 7.1 i) cando se é requirido para iso polo profesorado.</p>	<p>a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.</p> <p>b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.</p> <p>e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</p>
<p>k) A reiteración, nun mesmo curso escolar de condutas leves contrarias á convivencia.</p>	<p>g) Privación do dereito de asistencia a viaxes de fin de curso, excursións, que impliquen saír ao estranxeiro e/ou durmir fóra.</p> <p>a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.</p> <p>e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</p> <p>b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.</p>
<p>l) O incumprimento das sancións impostas.</p>	<p>f) Cambio de centro.</p> <p>e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</p> <p>g) Privación do dereito de asistencia a viaxes de fin de curso, excursións, que impliquen saír ao estranxeiro e/ou durmir fóra.</p>
<p>m) Fumar dentro do recinto.</p>	<p>a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.</p> <p>b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.</p> <p>d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o</p>

	tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
n) Abandonar o centro sen permiso.	<p>a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.</p> <p>b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.</p> <p>d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</p>

**Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia. (Artigo 29 NOF)**

<b>CONDUTAS LEVES</b>	<b>MEDIDAS CORRECTORAS</b>
<p>a) As condutas tipificadas como:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• agresión, inxuria ou ofensa na liña a),</li> <li>• os actos de discriminación da liña b),</li> <li>• os actos de indisciplina da liña c),</li> <li>• os danos da liña g),</li> <li>• os actos inxustificadas da liña h) e as actuacións prexudiciais descritas na liña i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non acaden a gravidade expresada no devandito precepto.</li> </ul>	<p>g) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</p> <p>h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</p> <p>a) Amoestación verbal privada ou por escrito. Incoación, de ser preciso, do protocolo de absentismo.</p> <p>c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.</p> <p>d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.</p> <p><i>Segundo o artigo 35 do decreto 85/2015, cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, deberá repararse o dano moral causado mediante a presentación de excusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que imponha a corrección da</i></p>

	<p><i>conduta.</i></p>
<p>b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constituía conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa liña j) do artigo anterior.</p>	<p>g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de <b>ata tres días lectivos</b>. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</p> <p>e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares e complementarias do centro por un período de <b>ata dúas semanas</b>.</p> <p>f) Cambio de grupo por un período de <b>ata unha semana</b>.</p>
<p>c) A inasistencia inxustificada a clase na ESO.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Tres faltas reiteradas de puntualidade na ESO.</li> <li>• Incurrir deliberadamente nunha falta de puntualidade, escondéndose nos baños pu empregando estratexias similares.</li> </ul>	<p>a) Amoestación verbal privada ou por escrito. Incoación, de ser preciso, do protocolo de absentismo.</p> <p>c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.</p> <p>d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.</p>
<p>d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.</p>	<p>b) Comparecencia inmediata ante a xefatura de estudos.</p> <p>d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.</p> <p>a) Amoestación verbal privada ou por escrito.</p> <p>i) O/A alumno/a en réxime de ensinanza non obrigatoria, poderá verse privado do dereito de asistencia ás clases se así o decide o/a docente.</p>
<p>e) Correr e/ou molestar dentro dos edificios de aulas, cafetería e talleres.</p>	<p>d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.</p> <p>a) Amoestación verbal privada ou por escrito.</p>
<p>f) Abrir as ventás sen autorización.</p>	<p>d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.</p> <p>a) Amoestación verbal privada ou por escrito.</p>
<p>g) Escribir e/ou pintar as mesas, cadeiras, paredes ou danar calquera material do centro educativo. Tirar papeis ao chan dentro do centro, do recinto escolar e espazos limítrofes.</p>	<p>d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.</p> <p>a) Amoestación verbal privada ou por escrito.</p> <p><b>Segundo o artigo 35 do decreto 85/2015, o alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou</b></p>

	<p><i>colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipamentos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais, pais e/ou titores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.</i></p>
h) Non ceder o paso respectuosamente segundo as ordes de cortesía xeralmente establecidas.	<p>d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.</p> <p>a) Amoestación verbal privada ou por escrito.</p>
i) Dificultar o normal desenvolvemento dunha sesión de docencia ou actividade complementaria de xeito reiterado.	<p>e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares e complementarias do centro por un período de <b>ata dúas semanas</b>.</p> <p>b) Comparecencia inmediata ante a xefatura de estudos.</p> <p>f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.</p> <p>d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.</p>
j) Incurrir deliberadamente nunha falta de puntualidade, escondéndose nos baños, ou empregando estratexias similares.	<p>e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares e complementarias do centro por un período de <b>ata dúas semanas</b>.</p> <p>b) Comparecencia inmediata ante a xefatura de estudos.</p> <p>f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.</p> <p>d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.</p>
k) Desprender do seu soporte as comunicacións oficiais, traballos conmemorativos,...	<p>a) Amoestación verbal privada ou por escrito.</p> <p>b) Comparecencia inmediata ante a xefatura de estudos.</p> <p>d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.</p>
l) Expoñer información non autorizada pola Dirección, en todas as instalacións do centro, especialmente as de actividades non educativas.	<p>a) Amoestación verbal privada ou por escrito.</p> <p>b) Comparecencia inmediata ante a xefatura de estudos.</p> <p>d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.</p>
m) Comer goma de mascar durante as sesións	<p>a) Amoestación verbal privada ou por escrito.</p>



lectivas.	b) Comparecencia inmediata ante a xefatura de estudos. d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
n) Empregar o teléfono móbil durante as sesións lectivas sen contar coa autorización expresa e directa do/da docente responsable.	a) Amoestación verbal privada ou por escrito. b) Comparecencia inmediata ante a xefatura de estudos. j) Retirada inmediata do dispositivo e almacenamento na caixa forte do centro durante tres días ou até que os responsables o retiren.

### **Responsables da aplicación das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia. (Artigo 30 NOF)**

#### **A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias será executada por:**

1. O profesorado da alumna ou alumno, dando conta á xefatura de estudos, no caso das medidas previstas nas líneas a), b) e c) do artigo 43 do decreto 85/2015.
2. A titora ou titor da alumna ou alumno, dando conta á xefatura de estudos, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 43 do decreto 85/2015.
3. A xefatura de estudos e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas como tales.
4. A dirección do centro no caso das medidas previstas como tales. A imposición destas medidas comunicarase aos responsables da alumna ou alumno antes de que se fagan efectivas, así como á comisión de convivencia do centro.

### **Procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro. (Artigo 31 NOF)**

1. A corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: conciliado ou común.
2. Utilizarase un ou outro procedemento dependendo das características concretas da conduta que se vaia corrixir, das circunstancias en que se produza e da idade, as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.
3. Correspóndelle á dirección do centro decidir a instrución e o procedemento que se vai seguir en cada caso, logo da recollida da necesaria información.
4. A dirección do centro informará o profesorado titor da alumna ou alumno corrixida/o e ao consello escolar das condutas gravemente prexudiciais que fosen corrixidas.
5. No centro quedará constancia da corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia coa finalidade de apreciar a reincidencia de condutas, de ser o caso.

### **Determinación do procedemento de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro. (Artigo 32 NOF)**

1. A dirección do centro, unha vez que teña coñecemento dos feitos ou condutas que vaian ser corrixidos, se o considera necesario, poderá acordar a apertura dun período de información previa,

co fin de coñecer con máis exactitude as circunstancias concretas en que se produciu a conduta que se vai corrixir e a oportunidade ou non de aplicar o procedemento conciliado. Esta información previa deberá estar realizada no prazo máximo de dous días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos.

2. A dirección do centro, asesorada, de ser o caso, pola persoa que exerza a xefatura do departamento de orientación e polo profesorado titor da alumna ou do alumno á que se vai corrixir, analizará e valorará a conduta producida tendo en conta como se produciu, a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais da/o alumna/o e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.
3. Ao iniciarse o procedemento ou en calquera momento da súa instrución, a dirección, á vista das repercusións que a conduta da alumna ou do alumno puidese ter na convivencia escolar, poderá adoptar as medidas correctoras provisionais que considere convenientes. As medidas provisionais poderán consistir no cambio temporal de grupo ou na suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases, actividades ou ao centro por un período que non será superior a tres días lectivos.
4. Á vista das conclusións obtidas na valoración, a dirección do centro determinará o procedemento de corrección máis adecuado para cada caso, tendo presente que, sempre que concorran as circunstancias necesarias, se propiciará a corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia mediante o procedemento conciliado. Así mesmo, sempre que sexa posible, deberá intentarse a conciliación entre a alumna ou o alumno e os outros membros da comunidade educativa cuxos dereitos fosen lesionados, e a reparación voluntaria dos danos materiais ou morais producidos.

## 6.- DESEÑO DO PLAN DE MELLORA DA CONVIVENCIA.

### 6.1.- OBXECTIVOS COMÚNS DO PLAN

- Clarificar, difundir e concretar o modelo de convivencia que se quere establecer no centro educativo.
- Concienciar ao alumnado da necesidade de erradicar as actitudes violentas de cara a mellorar o clima de convivencia.
- Ter protocolos de actuación en función das diversas problemáticas que poidan xurdir en relación coa convivencia.
- Implicar a comunidade educativa na posta en práctica, no cumprimento e no seguimento do plan de convivencia.
- Recoller as propostas que se poidan facer dende a comunidade educativa en aras á mellora da convivencia escolar.
- Acadar un clima de convivencia baseado no respecto e na comunicación fluída e aberta entre todas as persoas membros da comunidade educativa.
- Rexeitar toda manifestación de violencia e agresividade resolvendo os conflitos interpersoais de forma non violenta mediante a comunicación, o diálogo e a reflexión.
- Implicar ás persoas integrantes da comunidade educativa na mellora da convivencia e na construción dun centro verdadeiramente educativo para todos e todas.

## 6.2.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

### Alumnado

- Propiciar a aprendizaxe e práctica de valores, actitudes e comportamentos propios dunha cidadanía democrática.
- Favorecer a mediación e o diálogo para a resolución pacífica de conflitos.
- Impulsar a participación do alumnado na confección das normas de aula.
- Facilitar a aprendizaxe e a integración escolar de tódolos alumnos/as.
- Aprender a convivir en grupo favorecendo o respecto, colaboración e axuda.
- Implementar valores e habilidades sociais que ensinen como resolver conflitos de modo non violento.
- Impulsar a participación na organización e funcionamento da aula de convivencia inclusiva e do centro, potenciando a responsabilidade, autocontrol e cooperatividade
- Fomentar o respecto á diversidade en todos os eidos.
- Fomentar a igualdade entre homes e mulleres, o rexeitamento de calquera forma de violencia de xénero.

### Profesorado-familia-demáis integrantes da comunidade educativa

- Fomentar vínculos de cooperación como medio favorecedor da resolución de conflitos.
- Fortalecer a competencia en aspectos de convivencia.
- Promover o diálogo, a responsabilidade e o compromiso como estratexia de resolución de conflitos.
- Fomentar as actitudes de tolerancia , respecto e igualdade dentro e fóra do centro educativo.
- Diseñar un servizo de mediación escolar que se poida poñer en práctica nos vindeiros anos

## 6.3.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN/ACTIVIDADES PREVISTAS PARA MELLORAR A CONVIVENCIA NO CENTRO.

As actitudes a desenvolver e a organización do centro en materia de convivencia basearanse nas Normas de Convivencia do centro (NOF).

Con carácter xeral intentaremos levar a cabo cada curso as actuacións que se enumeran a continuación, sen desbotar outras que poidamos incluír. De ser así, quedarán descritas na PXA (Programación Xeral Anual) do curso que corresponda, e se xurde algunha, unha vez este iniciado, serán aprobadas antes da súa realización polo Consello Escolar e incluírémolas na Memoria Anual:

- Promoción da participación na elaboración e revisión dos documentos do centro, destacando os valores e normas que pretenden desenvolver actitudes de igualdade, respecto e diálogo, fomentando o consenso na toma de decisións.
- Potenciación do funcionamento da Comisión de Convivencia do centro, a través dunha delimitación clara das súas funcións e da elaboración dun calendario de reunións por trimestre.
- Fomento dun estilo de liderado que favoreza a participación e a comunicación dos problemas que poidan surdir no centro.

- Solicitude do apoio e asesoramento do departamento de orientación ante os indicios ou situacións que poden derivar en posible acoso ou ciberacoso, ou calquera outra situación que poida comprometer a convivencia no centro.
- Reunións periódicas dos titores e titoras por niveis co obxecto de deseñar accións conxuntas para a mellora da convivencia no centro.
- Adoptar estratexias organizativas que posibiliten a implicación de todo o profesorado nos labores titoriais.
- Implantación do procedemento de mediación (unha vez creado este servizo).
- Posibilidade de crear comisións mixtas de investigación sobre problemáticas relacionadas con situacións de violencia escolar, compostas por alumnado e profesorado e de grupos de traballo para deseñar medidas que poden favorecer as relacións interpersoais.
- Difusión á comunidade educativa, a través de diferentes medios, do plan de convivencia e das N.O.F.
- Procura de que todas as persoas integrantes da comunidade educativa coñezan os seus dereitos e deberes.
- Impulso das concrecións curriculares para os distintos cursos e desenvolvemento de todas as competencias básicas, en especial as competencias persoal, social e de aprender a aprender e a competencia cidadá.
- Rexistro dos conflitos que se producen no centro co fin de ter unha visión global da convivencia no centro. A información obtida a través deste rexistro servirá para modificar este plan ao inicio de cada curso escolar.
- Divulgación entre o profesorado, alumnado e familias orientacións básicas sobre acoso e ciberacoso e a súa prevención.
- Establecer canles para a denuncia de situacións de acoso/ciberacoso con garantía de confidencialidade: caixa de reclamacións, queixas e suxestións, taboleiro de denuncias, correo electrónico de solicitude de axuda,...
- Vixilancia en zonas comúns: aseos, corredores, recreos, entradas e saídas, desprazamentos as aulas específicas,...
- Diversificación da oferta de ocio no recreo co fin de crear unha convivencia inclusiva no tempo de lecer.
- Abordaxe nas titorías estratexias específicas de desenvolvemento emocional, habilidades sociais e axuda persoal.
- Difusión da posta en marcha da Aula de Convivencia Inclusiva.
- Promoción da participación de toda a comunidade educativa nas conmemoracións de datas de especial relevancia para a promoción da convivencia no centro.
- Desenvolvemento de programas de mellora da convivencia: programas específicos de conflitos, programas de mediación en conflitos e axuda entre iguais,.. Estes programas deseñaranse para as diferentes persoas integrantes da comunidade educativa:
  - Profesorado: materiais e documentos, protocolos de actuación para os casos máis frecuentes, ...
  - Familias: pautas para previr o acoso e outras formas de violencia dende a familia,

comunicación efectiva e afectiva, estilos educativos,... Impulsar a creación dunha escola para pais e nais.

- Alumnado: técnicas de resolución pacífica de conflitos.

## 6.4.-PREVENCIÓN DO ACOSO E O CIBERACOSO

Para evitar estas situacións o centro observará o Protocolo Educativo para a Prevención, Detección e Tratamento do Acoso Escolar e Ciberacoso (2018) e o protocolo do centro.

## 6.5.- A IMPORTANCIA DOS PROXECTOS ERASMUS + NO PLAN DE CONVIVENCIA

As prioridades do Programa Erasmus+ para o período 2021-2027 son as catro seguintes:

- Inclusión e diversidade: Promovendo a igualdade de oportunidades e acceso, a inclusión, a diversidade e a equidade en todas as súas accións, facendo que sexan accesibles para un abanico diverso de participantes que poidan atopar distintos obstáculos (entre outros, discapacidade, diferenzas culturais, vinculados á discriminación, ...).
- Transformación Dixital.
- Medio ambiente e loita contra o cambio climático.
- Participación na vida democrática, valores comúns e compromiso cívico: Apoiando a cidadanía activa e a ética na aprendizaxe permanente; impulsando o desenvolvemento de competencias sociais e interculturais, o pensamento crítico e a alfabetización mediática. Aprender a convivir en harmonía é unha finalidade esencial da educación e dende o IES Val do Asma queremos fomentalo coa participacións en proxectos transnacionais.

Os nosos proxectos (pasados, actuais e futuros) permiten mobilidades de profesorado a Portugal, Francia, Croacia, Rumanía e Italia e do alumnado a Reino Unido, Portugal, Francia e Italia.

Coa participación de profesorado e alumnado nestes proxectos Erasmus+ queremos acadar os seguintes obxectivos, relacionados co plan de convivencia:

- Impulsar relacións fluídas e respectuosas entre os distintos participantes nos proxectos.
- Aprender outras culturas, outros hábitos, outras formas de relacionarse e de ver a vida enriquecéenos e ensínanos que non todos somos iguais. Desta maneira aprenderemos a ser máis tolerantes.
- Potenciar a educación en valores nas actividades e o seu desenvolvemento no centro educativo e noutros centros colaboradores.
- Concienciar e sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e implicala na súa mellora.
- Fomentar no centro os valores, as actitudes e as experiencias que permitan mellorar o grao de coñecemento, aceptación e cumprimento das normas.
- Potenciar o respecto á diversidade e traballar na prevención da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

- Promover a formación sobre acoso, ciberacoso e uso responsable das novas tecnoloxías. Incorporar a atención específica a determinados colectivos, especialmente vulnerables, respectando a súa singularidade e evitando a súa discriminación.
- Promover a prevención, detección, intervención, resolución e seguimento dos conflitos interpersoais que puidesen exporse no centro, así como de todas as manifestacións de violencia ou acoso entre iguais.
- Fomentar o diálogo como factor favorecedor da prevención e resolución de conflitos en todas as actuacións educativas.

En resumo, e como se recolle no slogan do Programa Erasmus+, "Enriquecendo vidas, abrindo mentes" a participación nestes proxectos fará do IES Val do Asma unha comunidade educativa máis tolerante, máis respectuosa e máis dialogante.

## 6.6.-PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO DA AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

ANEXO I

### 6.7.- RECURSOS:

- Recursos humanos:
  - tódolas persoas membros da comunidade educativa (pais/nais, profesorado, alumnado, persoal non docente, departamento de orientación, CCP, observatorio da convivencia escolar), servizos sociais do concello de Chantada e Carballedo, unidade de prevención de drogodependencias do concello de Monforte, Equipo específico de Orientación de Lugo, psicólogos infantís, psicóloga do Centro de Información a Muller do concello,...
  
- Recursos materiais:
  - NOF
  - Programación Xeral Anual.
  - Plan de Orientación Educativa, Plan de Acción Titorial e Plan de Igualdade
  - Materiais elaborados polo D.O. para as titorias (programa de HHSS para FP básica e tódala E.S.O., dinámicas grupais para fomentar a resolución pacífica de conflitos, actividades para previr a violencia de xénero, actividades organizadas para conmemorar o Día Escolar da Paz,...)
  - Protocolo contra acoso escolar e coberacoso
  - Material bibliográfico dispoñible no D.O.
  - Xunta de Galicia: Plan galego de Convivencia Escolar.
  - Páxinas web:
    - Portal de convivencia do MEC: <https://www.educacionyfp.gob.es/mc/sgctie/convivencia-escolar.html/>
    - Portal de convivencia de Galicia: <http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>

## 7.- A COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO

Crease no seo do Consello Escolar do centro e desempeña as funcións por delegación deste para facilitar o cumprimento das competencias que, en materia de convivencia escolar, ten asignadas o consello escolar.

### Composición da Comisión de Convivencia

A comisión de convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa.

Está composta por:

- 1 representante do alumnado,

- 2 representantes do profesorado,
- 1 representante das familias
- 1 representante do persoal de administración e servizos
- Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e o secretario quen levantará a acta das súas reunións.

O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados.

As súas persoas membros poden coincidir cos do consello escolar, pero non teñen que ser as mesmas necesariamente.

### **Funcionamento, composición e o desenvolvemento das funcións:**

A comisión de convivencia de cada centro docente celebrará tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

Funcións da Comisión de Convivencia.

### **Funcións**

A comisión de convivencia exercerá por delegación do consello escolar as seguintes funcións:

- Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.



Para realizar todas estas función encomendadas anteriormente, a Comisión de Convivencia poderá solicitar o asesoramento dos/as profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello onde estea o centro educativo ou doutros ou doutras profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

## 8.- DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE MELLORA DA CONVIVENCIA:

### Difusión

O equipo directivo do centro levará a cabo as actuacións necesarias para que o Plan de convivencia (e en especial as normas de convivencia incluídas neste) sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da súa comunidade educativa, fundamentalmente, a difusión basearase nas seguintes actuacións:

- Difusión entre o profesorado: a través das reunións periódicas do claustro de profesorado.
- Difusión entre o PAS: a través do seu representante no consello escolar.
- Difusión entre as familias e alumnado: a través das redes sociais e web do centro, aula virtual e consello escolar.

O Plan de convivencia do IES Val do Asma será publicado na páxina web do centro, así como na aula virtual do mesmo. Por outra banda, a Comisión de Convivencia do centro encargarse de informar trimestralmente ao consello escolar dos asuntos relacionados coa convivencia no centro.. Asimesmo, elaborará un informe anual da análise da convivencia e conflitividade no centro, así como as iniciativas levadas a cabo ao longo do curso.

### Seguemento e avaliación

Debemos ter en conta que no actual sistema educativo “aprender a convivir” estase convertendo nun obxectivo fundamental que ten como finalidade a formación en valores baseados no respecto, a tolerancia, o compromiso, a solidariedade, a liberdade, a democracia e a igualdade.

A educación en valores cobra cada vez máis relevancia e precisa de máis impulso, a través da análise da situación en cada centro educativo coa correspondente elaboración de obxectivos e protocolos de actuación que se consideren oportunos. Todos estes plantexamentos conforman o plan de convivencia. Sen embargo, consideramos que ante todo ten que ser un documento aberto e flexible e para que isto sexa así é preciso realizar un seguimento continuado e unha avaliación que garanta a posta en práctica e o compromiso da convivencia educativa en relación ao citado plan.

Este seguimento e avaliación do plan levarase a cabo desde dúas perspectivas:

- por un lado, con respecto a este documento, deberá ser revisado cada curso académico e modificado se se considera pertinente.
- por outra banda, farase un seguimento continuado da mellora da convivencia no centro.

O proceso de avaliación contará con tres dimensións:

- Unha primeira abarca a avaliación inicial que se realiza para coñecer os problemas de convivencia existentes no centro e na que se levará a cabo unha análise e valoración do contexto escolar, o entorno social do alumnado do centro.
- Seguidamente, levarase a cabo unha avaliación continua na que se valorará entre outros factores: o rendemento, e as medidas educativas adaptadas, a actitude individual e grupal, a aprendizaxe,... os resultados obtidos desta avaliación deberán ser comunicados ós alumnos polos titores correspondente e plantexaranse as propostas de mellora que se consideren oportunas.
- Finalmente, ao remate do curso académico, a Comisión de Convivencia elaborará unha avaliación final que será a que permitirá valorar os avances acadados e será a base para as propostas de mellora do plan para o seguinte curso escolar.

Cos datos extraídos do proceso anterior, a Comisión de Convivencia elaborará, ao remate de cada curso escolar, a correspondente memoria do Plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. O Consello Escolar en pleno, por proposta da súa Comisión de Convivencia, aprobará a memoria do Plan de convivencia elaborada por esta. Esta memoria formará parte da memoria anual do centro.

## VIXENCIA

	CLAUSTRO	CONSELLO ESCOLAR
APROBACIÓN		28 de abril de 2023
VIXENCIA	28/04/2023 A 28/04/2027	
REVISIÓN	02/11/2023	03/11/2023